Comisión da Transparencia de Galicia

Visto o expediente 202/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública
Expediente: 202/2026
Interesado: - - - — -- -.-- - - - -.-- - – -
Organismo: Concello de Sanxenxo

ANTECEDENTES

Único. O 13.4.2026 - - - — - - - -.-- - - - - - - – - interpuxo unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia na que denuncia a falta de asunción, por parte do Concello de Sanxenxo, da responsabilidade polos danos que sufriu o seu vehículo por mor da actuación do servizo municipal de guindastre.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Goberno*, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas

Comisión da Transparencia de Galicia

Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de - - — – .

Segundo. Análise do expediente

Segundo o previsto no artigo 33.3 da LTGB, a Comisión de Transparencia de Galicia é o órgano independente ao que lle corresponde a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública ás que se refire o artigo 28 da lei.

Tal e como se desprende da reclamación presentada o 13.14.2026 pola señora - -–- - - - - - - – - , a interesada non pretende recorrer unha resolución en materia de acceso á información pública, senón denunciar que o Concello de Sanxenxo non asumiu a responsabilidade polos danos que sufriu o seu vehículo por mor da actuación do servizo municipal de guindastre.

A pretensión da interesada, polo tanto, non ten por obxecto o acceso á información pública, nin tampouco a anulación dunha resolución do Concello de Sanxenxo en materia de acceso á información pública.

E, por este motivo, a Comisión da Transparencia carece de competencia para coñecer da reclamación presentada.

Comisión da Transparencia de Galicia

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Único. Inadmitir, por mor da falta de competencia desta Comisión, a reclamación presentada o 13.4.2026 por - - - — -- - -- - - - -- - – - .

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - -— - - -- - -- - - - - - -- – , na data da sinatura.

- - - -- - -- - - - -- - - --

Presidente da Comisión da Transparencia